



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

ADRIÁN JUAN MÁRQUEZ CARAMÉS, oficial maior (en réxime de acumulación) do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o día 07 de novembro de dous mil dezaoto, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

9º.-RECOÑECER A COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DUNHA ACTIVIDADE PRIVADA AO CONCELLEIRO JESÚS TEMBRÁS MARTÍNEZ

O concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos, José Alén Álvarez, deu conta do ditame favorable da Comisión Informativa do mesmo nome de data 02/11/2018.

No expediente constan os seguintes antecedentes:

- En sesión plenaria, de data 17/07/2015, recoñeceuse a dedicación exclusiva, entre outras, a concellaría delegada da Área de Deportes e Xuventude. A retribución bruta anual é de 26 897,08 €, que se pagan en catorce mensualidades.
- O día 17/07/2015 (RE núm. 4474), o concelleiro Jesús Tembrás Martínez, aceptou o desempeño do seu cargo, concelleiro delegado da Área de Deportes e Xuventude, con dedicación exclusiva dende esa data. En sesión plenaria ordinaria do día 09/09/2015 deuse coñecemento ao Pleno deste escrito.
- Na declaración de incompatibilidades e actividades laborais que presentou o concelleiro o día 10/06/2015 non consta ningún tipo de actividade.
- O concelleiro solicita o día 08/10/2018 (RE núm. 5641) a compatibilidade entre o desenvolvemento do seu cargo cunha actividade privada no café bar do que é titular a súa dona; no seu escrito afirma que a colaboración “será puntual e reducida a poucas horas de traballo (sempre menos de media xornada)” e que precisa para iso darse de alta no réxime especial de traballadores autónomos como autónomo colaborador.
- A secretaria municipal emite informe xurídico favorable o día 22/10/2018.

O Pleno do Concello, á vista dos antecedentes e do previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, tal e como se deduce do disposto no artigo 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), acorda con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e 4 en contra (2 do BNG e 2 de XasP):

- 1º) Recoñecer a compatibilidade que solicitou Jesús Tembrás Martínez, concelleiro delegado da Área de Deportes e Xuventude, con dedicación exclusiva, coa actividade privada de colaboración en café bar, ao estimarse que a actividade compatibilizada non compromete ou menoscaba a imparcialidade ou independencia no exercicio das funcións de concelleiro delegado e que non lle afecta ningunha das circunstancias recollidas nos artigos 1.3, 11 e 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Este recoñecemento de compatibilidade poderá ser revogado de alterarse os supostos de feito que o fan posible.

- 2º) Notificar este acordo ao interesado no prazo de dez días hábiles dende a súa data. O interesado deberá presentar declaración sobre o inicio da actividade para a súa inscrición no Rexistro de Intereses correspondente.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

3º) Comunicar ao interesado que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o Pleno do concello, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Se interpoñe o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o acordo de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado núm. 1 de Ferrol.

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da LPAC). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ferrol.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), co visto e praxe do concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos.

As Pontes de García Rodríguez,

O concelleiro-delegado (V.e Pr.)

José Alén Álvarez